

PEZA DO MES

setembro

2006



TRÍSCELE CALADO
CASTROMAO



ESTRUCTURA III DE GARCÍA ROLLÁN Á QUE SE ATRIBÚE A PROCEDENCIA DO TRÍSCELE

TRÍSCELE CALADO

Século I a.C. - I d.C.

Granito

44 x 46 x 11 cm

Castromao, Celanova, Ourense

Peza enmarcada dentro da plástica arquitectónica castrexa, pero tamén con outros posibles significados máxico-relixiosos. Chama a atención a especial característica da decoración calada.


Foi atopada nas primeiras escavacións de Castromao, dirixidas, en 1966, por Mariano García Rollán, e centradas no sector N.O. da plataforma inferior, onde se atoparon unha gran concentración de estruturas circulares, sen vestíbulo, e algunha cadrangular, construídas principalmente a base de cachotería de granito. No espazo entre unha das cadradas, a estrutura III, e a II, circular, foi onde, entre os restos do derrube dos muros, se atopou esta peza, sen podela asignar a un nivel arqueolóxico concreto.

Trátase da escultura dun tríscele de raios dextrosos, trazado sen compás, de 29 cm de diámetro, e sen moldura exterior. Cada raio ten dentro outro lixeiramente rebaixado. Ocupa o centro dun sillar case cadrado, de 46 cm de lado, por 41 e 44 cm nos lados contrarios, de 11 cm de grosor. Pola parte traseira non ten decoración algunha, só son visibles as perforacións. Escultóricamente hai, na plástica castrexa, pezas cunha estética moito máis coidadas, pero esta ten a especial característica de ter ocos os espazos entre os raios, sendo traspasada pola luz e o ar, o que fixo que, xa nun primeiro momento, fose entendida

coma o único posible vestixio da presenza de xanelas, a modo de celosía, nas vivendas. Dada a posición e as características do soporte, un sillar plano, foi asignada á parede recta máis próxima, que neste caso é a N da estrutura III. Esta estrutura, de 3'3 x 2'9 m, semella ter un coidado constructivo maior que as súas veciñas, con ángulos interiores rectos e exteriores redondeados e cachotes algo máis grandes ca no resto; non se atoparon restos de tella no seu expolio, polo que se lle supón unha cuberta vexetal. Sitúase na parte traseira da plataforma, xa no comezo da ladeira, xunto coa V, VI e VII, adaptándose á orografía do terreo por medio de pequenos espazos aplataformados preparados previamente, limitados por muros de contención. Por riba dos 60 cm conservados da parede dianteira, como mínimo, situaríase a entrada da edificación, debendo estar colocado o tríscele nun dos laterais da mesma, empotrado na parede. As estruturas deste conxunto, consolidado a finais dos 90 por Luis Orero Grandal, son cohetáneas, salvo a VIII e a V, que parecen ser anterior e posterior, respectivamente, ao resto do conxunto. O material atopado permitiu data-la derradeira etapa de ocupación deste sector no século II d.C.

Este tipo de pezas caladas aínda son escasas. En Galicia, completas, só se coñece esta, e en Portugal tan só outras dúas en Briteiros e Santa Luzia. Si existen fragmentos doutras pezas do mesmo tipo, ademais dun bo número deles en Castromao, temos outros en Santa Tegra, Armea, Santomé ou Monte Mozinho, todos eles na área S.O. da Cultura Castrexa, onde se desenvolve a plástica decorativa castrexa, extendéndose cara o norte pola costa e cara o interior polos grandes ríos, igual que outros moitos aspectos da cultura material castrexa.

O primeiro en atribuír a función de celosías aos trísceles calados, dada a falla doutros restos que indican a existencia de xanelas, foi Martins Sarmiento, pero que a pedra furada permita o paso de luz e ar non quere dicir que sexa esa a súa función. A pequenez das súas aberturas non parece ter moita practicidade, cando menos para a entrada de luz, xa que, a proporcionada polo fogar e pola porta serían suficientes. Na ventilación interior si poderían xogar un papel máis práctico, xa que non se precisan, para tal fin, aberturas moi importantes. De tódolos xeitos, esta función práctica dependería tamén do lugar onde fosen colocadas. Este parece que sería a parede de entrada da estancia principal, dentro do vestíbulo. Agora ben, se os vestíbulos eran pechados, a pouca luz que puídesse traspasalo sería máis ben escasa. Poderíamos pensar, entón, nunha dobre función, unha práctica e outra relixiosa, marcada esta última pola representación do tríscele, sobre o que, a



ZONA NA QUE SE ATOPOU O TRÍSCELE

pouca luz que o traspasa, si sería suficiente para provocar un efecto máxico, relacionado, tal vez, con cultos heliolátricos.

A función e simbolismo dos trísceles tampouco están nada claros. Téñenselle atribuído unha relación con movementos de tipo astral. Nalgún momento ata se especulou na diferenza entre o día e a noite, segundo o sentido dos raios. Sábese da gran tradición relixiosa das esvásticas por toda a Europa protohistórica e incluso prehistórica, efectivamente, como representacións solares, cunha función apotropaica. De feito, a propia palabra, de orixe sánskrita, significa “de bo agoiro”. Este carácter profiláctico perdurará, ademais, nas estelas funerarias romanas, nas que se continúan representando.

Dentro da plástica arquitectónica castrexa debemos diferenciar entre os motivos eminentemente ornamentais, como serían os sogueados e os entrelazos, que decoran xambas e linteis, tal vez coma indicadores da importancia social dos habitantes das casas que mostran tal decoración, e a que agocha unha simboloxía moito máis complexa, entre as que figuran os trísceles, esvásticas e outros motivos tallados sobre soportes destinados a seren empotrados nos muros; dentro desta inclúense tamén certos motivos zoomorfos e de cabezas humanas, de interpretación moito máis controvertida.

Existen dúas teorías para o enmarcamento cronolóxico da plástica castrexa en pedra. Unha, apoiada por Calo Lourido, dátaa en época romana, na primeira metade do século I d.C.; outra defende unha orixe prerromana, pervivindo ata o século I d.C. A primeira apoiase na aparición das pezas en sustratos datados en época Xulio-Claudia, e que serían reaproveitadas como simple material constructivo xa en época

Flavia, pouco despois do ano 50 d.C. Considera a arte castrexa unha arte provincial romana, sen significado social nen relixioso, tan só cunha finalidade decorativa, xa que, de teren unha carga simbólica, non terían sido desaproveitadas. Non se coñece tampouco ningún movemento iconoclasta en época flavia que puidese aclarar-la fin simbólica destas pezas. Este mesmo argumento é o que leva aos defensores da outra opción, da orixe prerromana, a entendela coma froito dunha evolución interna, xa que, se no século I d.C. xa tiñan perdido o seu significado e función orixinal, é difícil concebir un período práctico tan curto destas pezas. Ademais, existen pezas datadas en épocas anteriores á romanización, na Forca e en Sabroso; sen contar con que, posiblemente, teñan uns antecedentes en madeira ou noutro tipo de soportes perecedeiros. Dacordo a estas teorías, a plástica castrexa iniciárase antes do século I a.C., chegando incluso ata o IV a.C., segundo que autores.

Unha análise formal dos motivos achéganos, efectivamente, máis ao mundo mediterráneo que ao céltico ou laténico, no que predominan os motivos florais, de curvas e contracurvas, ausentes nos motivos castrexos. Pero isto non significa que sexan de inspiración latina, senón da arte mediterránea en xeral, froito da reinterpretación, en pedra, dos motivos decorativos difundidos dende o mediterráneo por toda Europa. Habería que enraizar-la súa orixe, polo tanto, na fase media da cultura castrexa, cando se intensifican as relacións co mundo mediterráneo e se produce unha maior complexidade social, reflectida, entre outras cousas, na cultura material.

Os motivos de trísceles, tetrásceles, rosetas, etc. son moi abundantes na zona sur da cultura castrexa, paralelamente a presenza doutro tipo de motivos en xambas ou linteis, que forman o conxunto da plástica arquitectónica castrexa, na que dominan os motivos xeométricos, con paralelos, moitas veces, na ourivería e na metalurxia en bronce e, ocasionalmente, na cerámica, formando, en palabras de Xulio Carballo “*unha arte homoxénea e coherente (...), non é unha arte mimética ou mestiza, senón unha manifestación artística singular, con personalidade propia*”.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Eduardo Breogán Nieto Muñiz

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal:VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE